

# CORREO APÍCOLA

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA

Feira Nova s/n Santa María • 15819 Arzúa. A Coruña  
Tel. 981 508 142 • E-Mail: [aga@queixomel.org](mailto:aga@queixomel.org) • [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

## DÍA DO APICULTOR

**Sábado, 8 de febreiro de 2014. Centro do Queixo e do Mel, Arzúa**

### Obxectivos

Promocionar o emprendimento, a innovación e a diversificación, entre os asociados/as de AGA. Tamén daremos a coñecer a nosa proposta para o control da vespa velutina que xa está colonizando unha boa parte do noso territorio.

Terá lugar a Asemblea Xeral de AGA, como todos os anos coincidindo con este evento. Ademais, o persoal de AGA estará a disposición dos socios e socias durante todo o día para os trámites habituais: pago de cuotas, seguros apícolas, entrega das fotocopias para o Plan Apícola, etc.

### ● De 11 a 13 horas **OBRADOIROS**

- 1 - Apicosmetic: *Aproveitamento do veneno das abellas, apitoxina*. Aula Centro do Queixo e do Mel
- 2 - Irurtzun: *Equipos para a obtención de mel en sección e outras novidades*. Nave de Erica Mel
- 3 - José Fernández: *Colleita de pole e própole*. Biblioteca do Centro do Queixo e do Mel (BAGA)
- 4 - Gonzalo Calvo: *Vespa Velutina. Trampas para a captura de vespas velutinas*. Nave de Erica Mel

Formaremos grupos de máximo 50 persoas, que irán rotando por cada obradoiro. Cada sesión durará 30 minutos. O grupo APIE encargárase de organizar aos asistentes, para o cal é necesario presentarse ás 11 horas na porta da cooperativa Erica Mel.

### ● De 11 a 18 horas **FEIRA DE PRODUTOS E EQUIPOS PARA APICULTOR@S**

Feira de diversos produtos e equipos para os apicultores/as, trampas para a captura de V. velutina. Contaremos coa presenza de Macmel e as empresas da cera, Irurtzun...

### ● Ás 13 horas **ASEMBLEA XERAL DE AGA**

Orde do día:

- 1 - Lectura e aprobación da acta anterior, se procede
- 2 - Relatorio de actividades e contas do ano 2013
- 3 - Eleccións para a nova directiva de AGA
- 4 - Programa e presuposto para o ano 2014
- 5 - Rogos e preguntas

### ● Ás 18 horas **PECHE DAS INSTALACIÓNS**

## VII CONGRESO APÍCOLA HISPANICO

3, 4 e 5 de outubro de 2014 ■ Instituto Rosalía de Castro ■ Santiago de Compostela

Palestras científico-técnicas ■ Mesas redondas de interese apícola ■ Obradoiros ■ Reunións sectoriais ■ API-EXPO ■ Concursos

Máis información na web de AGA: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)

Organizan: AGA e AFCA

## PLAN APÍCOLA 2014

Este ano, según nos comentaron na Consellería do Medio Rural e do Mar, vai haber máis cartos para o PLAN APÍCOLA que o ano pasado, polo tanto a nosa intención é que se poida subvencionar o programa sanitario, veterinario e tratamentos contra a varroa. Tamén os seguros apícolas (R.C) e un programa de formación, cursos de iniciación e cursos especializados, que se dará a coñecer nun vindeiro Correo Apícola.

Os interesados en beneficiarse destas axudas deberán ter un seguro de colmeas e entregar en AGA as fotocopias compulsadas das páxinas 1, 4 e 9 do Caderno Apícola, debidamente actualizado nas Oficinas Agrarias (o cal é é preciso facer entre o 1 de xaneiro e o 1 de marzo de 2014). Pódense entregar as fotocopias o Día do Apicultor ou envíaslas por correo postal á sede de AGA en Arzúa.

### NOVIDADES SEGURO APÍCOLA 2014

Este ano vai haber unha soa póliza multirrisco que abarca: responsabilidade civil, defensa, roubo, incendio e vandalismo.

O prezo será de 1 Euro/colmea e deberán asegurarse todas as colmeas que figuren no Caderno Apícola para que sexa válido.

Lembramos que o seguro non se renova automaticamente, hai que comunicalo tódolos anos a AGA. A póliza é anual e remata cada 7 de febreiro.

Cobertura: Roubo 72,12 Euros/colmea (franquicia de 150 Euros). Incendio: 72,12 Euros/colmea. R.C. 300.000 Euros/sinistro (franquicia de 150 Euros). Defensa xurídica, 4.634,80 Euros.

Precisamos os seguintes datos: Titular da explotación, número de rexistro apícola e número de colmeas. Pódese comunicar por teléfono no 981 508 142, por email a [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org) ou directamente o día 8 de febreiro en Arzúa. Recoméndase asegurar as colmeas xa que para roubos e incendios é a mellor opción agora mesmo. En principio, se os fondos do Plan Apícola son suficientes, o R.C. poderá ser subvencionado ao 50%.

Mais información sobre a nova poliza multirrisco na web de AGA [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es).

### ESCASEZA DE CERA

Cara este ano 2014 vai haber moi pouca cera estampada pola falta de materia prima. A pouca que haxa será cara, xa que parece que os alemáns veñen e a pagan máis para farmacia e cosmética. O Día do Apicultor 08 de febreiro de 2014 estarán as empresas da cera en Arzúa para quen queira mercar. Hai varias posibilidades ás que acollerse:

1 - Que os abelleiros/as lle entreguen cera á empresa que a estampa, Apícola Carballal, que cobra 1,60 Euros / por quilo estampado. Non garante a entrega da mesma cantidade de quilos, iso dependerá de como vaia de limpa a cera.

2 - Promover que os abelleiros/as merquen estampadoras artesanais e reciclen a súa propia cera. Terémolas en Arzúa e logo haberá uns cursiños para ensinar a técnica de elaboración polos interesados/as.

3 - Poñer unha tira de cera estampada no cadro de cría e o resto que o fagan as abellas. Na media alza poñer a lámina para que non rompa no extractor.

4 - Na cámara de cría meter cadros de plástico e na media alza, cadros con lámina de cera. Teremos tamén mostras en Arzúa.

5.- Encargar láminas de cera estampada cun alto porcentaxe de parafina.

### O MEL

Este ano o mel está escaso, temos que facer un esforzo para limitar o consumo e non esgotar as reservas moi axiña. Por outro lado, aproveitar para colocar os nosos prezos a nivel do mel foráneo, xa que nos últimos tempos o prezo do noso mel quedou desfasado en comparanza con outros meles.

Seguimos pensando que a referencia debe ser 8 Euros o quilo e 5 Euros o medio quilo. A cooperativa Erica Mel quere anunciar o prezo para o mel da colleita pasada que será de 3,20 Euros o mel multifloral e de 3,40 Euros o mel monofloral, ao produtor. Tamén quere destacar o feito de que os asociados, a pesar de ter outras ofertas de mellor prezo, optaron por entregalo na súa cooperativa.

#### ATENCIÓN AOS SOCIOS

No Centro do Queixo e do Mel, Arzúa

Horario: De 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas, a diario

Tel.: 981 508 142 e 630 069 637

e-mail: [aga@queixoemel.org](mailto:aga@queixoemel.org) [agapicultura@gmail.com](mailto:agapicultura@gmail.com) • Web: [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es)